# Modalidades de matriculación

## Modalidades de matriculación

Moodle proporciona tres modalidades de matriculación posibles:

- **Matriculación manual** dende o bloque de "Administración do curso" na opción "Usuarios".
- **Automatriculación** dende o bloque de "Administración do curso" na opción "Usuarios".
- **Matriculación masiva** dende o bloque de "Administración do sitio" na opción "Usuarios", "Contas" e " Cargar usuarios".

As dúas primeiras pode levalas a cabo o profesorado do curso, sempre e cando os usuarios estén dados de alta na aula virtual, mentres que para a matriculación masiva é necesario a intervención dos administradores/as da aula virtual.




Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público

# Matrícula manual

A matriculación manual consiste en matricular, un a un, cada un dos usuarios do curso. É preciso:

- **Recopilar a información** sobre os usuarios.
- **Asegurarnos que estén dados de alta na aula virtual.** *De non ser así, poñernos en contacto cós administradores/as da aula virtual para que procedan á súa alta*.
- **Matricular, un a un, a tódolos usuarios** dende o bloque de "Administración do curso" na opción "Usuarios"




Licenza: Dominio público

**Cando non aparece un usuario** ao facer a súa busca pode ser por:

- Que o nome polo que buscamos esté mal escrito: hai que ter en conta que se o nome inclúe un acento e non o poñemos, o usuario non aparecerá na lista, por exemplo.
- Que o usuario non esté dado de alta na aula virtual.

En ámbolos dous casos, consultar cós administradores/as da aula para que confirmen se o usuario está dado de alta, e se non o está, procedan a crear a nova conta.

# Automatriculación

A automatriculación facilita o traballo do profesorado xa que delega a matriculación no alumnado do curso. Sen embargo, é preciso igualmente:

- **Asegurarnos que estén dados de alta na aula virtual** para que poidan iniciar sesión no Moodle e acceder a automatriculación do curso. *De non ser así, poñernos en contacto cós administradores/as da aula virtual para que procedan á súa alta*.
- **Crear unha instancia de automatriculación** na que se incluirá, por exemplo, un contrasinal para que non poida matricularse calquera que pase por alí, etc.




Licenza: Dominio público









Se escollemos a automatriculación teremos que crear unha instancia onde poderemos incuir un contrasinal, o tempo de matriculación, número de usuarios, etc...




Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público

- **Notificar ao alumnado** o contrasinal de matriculación, tempo de matriculación, etc. O usuario terá que acceder á aula virtual, pinchar sobre o enlace do curso e ahí terá a opción para matricularse.






Licenza: Dominio público

# Matrícula masiva

A matrícula masiva aforra tempo nos procesos de alta e matriculación de usuarios. Hai que pensar, que aínda que temos que recopilar igualmente a información, ahí remata o noso traballo na matriculación como docentes, e aforramos o proceso de matriculación. É **aconsellable** nos seguintes casos:

- Cando o **número de alumnos é elevado**.
- Cando **non temos a certeza de que os alumnos estén dados de alta na aula virtual**.

Nestes casos, sería aconsellable empregar a matriculación masiva, para o cal o profesorado terá que:

- **Recopilar a información** sobre os usuarios.
- **Crear un arquivo coa información** nun formato determinado que se lle pasará aos administradores/as da aula virtual. Hai que **escribir os nomes dos campos rigurosamente, en inglés e sen faltas**, tal como figuran. Noutro caso, a carga de usuarios fallará.






Licenza: Dominio público

- **Pasar o arquivo con extensión CSV aos administradores/as da aula virtual**.

Licenciado baixo a Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0